



SECTOR LÁCTEO

INFORME SECTORIAL 3

Importacións no sector lácteo marzo 2021



Fundación Juana de Vega
2021




Fundación
Juana de Vega



Informe importacións no sector lácteo marzo 2021


Preséntanse neste breve informe as importacións dos produtos lácteos que sufriron maiores variacións nos últimos meses.

As importacións en marzo de 2021 de leite a granel en España (2.856 t), produto onde se poderían englobar as entradas de leite en cisternas, son superiores ás rexistradas en marzo de 2019 e 2020 (arredor de 1.500 t), pero moi inferiores ás de 2017 e 2018 (máis de 6.000 t). Comparado cos dous primeiros meses do ano, estas seguen estabilizadas por debaixo de 3.000 t, cifras relativamente baixas en comparación coas importacións de agosto ou outubro de 2020 ou a maioría de meses dos anos 2017 e 2018 (Figura 1).

**Importacións de leite a granel (t) - España****Figura 1.** Importacións mensuais de leite a granel (t) entre os anos 2017 e 2021 en España.

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.

Como podemos ver na Figura 2, estas importacións seguen sen ter especial relevancia en Galicia, rexistrando a importación de 172 t no mes de marzo, o 6,0% do total nacional. Estas cifras seguen a tendencia observada desde o ano 2017, a baixada de Galicia no peso do leite a granel importado por España, xa que no mesmo mes de 2017, a comunidade representaba o 68,6%.

Importacións de leite a granel (t) - Galicia**Figura 2.** Importacións mensuais de leite a granel (t) entre os anos 2017 e 2021 en Galicia.

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.

Ao calcular o leite equivalente de vaca empregado na elaboración de todos os produtos que se importan (por exemplo para 1 kg de manteiga necesitanse arredor de 11,5 kg de leite ou dependendo do tipo de queixo entre 4 e 8,5 kg), a cifra de marzo de 2021 é a máis alta dos últimos cinco anos (Figura 3), superando as 266 mil toneladas, un aumento do 15,1% respecto a marzo de 2020, mes no que se importaron 231 mil t de equivalentes lácteos.




Figura 3. Importacións de produtos lácteos en marzo (2017-2021) en España (t equivalentes lácteos).

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.

Porén, o total das importacións de leite de vaca (en equivalentes lácteos) no primeiro trimestre do ano foi o dato máis baixo dos últimos catro anos, con 662 mil t, o que supón unha baixada do 4,4% respecto ao mesmo período de 2020. Este descenso aínda é maior comparado cos anos 2018 e 2019, cando se superaron as 725 mil t.




Figura 4. Importacións de produtos lácteos entre xaneiro e marzo (2017-2021) en España (t eq. lácteos).

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.

Diferenciando os distintos “tipos” de produtos lácteos dentro das importacións realizadas no mes de febreiro, destacan, como é habitual, os queixos, que supoñen dúas terceiras partes do leite equivalente de vaca importado (Figura 5).



Importacións por produtos lácteos (t e %) no mes de marzo - España




Figura 5. Importacións por produtos lácteos (t e %) en marzo (2021) en España.

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.

Importacións de queixos (t) - España




Figura 6. Importacións mensuais de queixos (t) entre os anos 2017 e 2021 en España.

Fonte: Elaboración propia a partir do DataComex.



Na Figura 6 pode observarse que as importacións de queixos superaron as 26 mil t de produto, cifra máis alta neste mes nos últimos cinco anos. Este dato tamén supón un aumento moi importante respecto dos dous primeiros meses do ano, cando se rexistraron cifras próximas a 20 mil t (+30,6% respecto a febreiro), sendo os rexistros máis baixos dos últimos 50 meses, polo que nos seguintes meses poderá verse se este mes foi un dato illado ou volven a aumentar.

SERVIZO DE ESTUDOS E INFORMES SECTORIAIS DA FUNDACIÓN JUANA DE VEGA

Autor: Adrián Botana Fernández

Fotografías cedidas por Vaca Pinta® - Transmedia Comunicación & Prensa



Fundación
Juana de Vega